



Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Metodoloxía para a Investigación Clínico-Epidemiolóxica e Traslacional			Código	653862302s
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuadrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Ciencias da Saúde				
Coordinación	Pértega Díaz, Sonia	Correo electrónico	s.pertega@udc.es		
Profesorado	Pértega Díaz, Sonia Seoane Pillado, María Teresa	Correo electrónico	s.pertega@udc.es maria.teresa.seoane.pillado@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Esta materia ten como obxectivo amosar o proceso xeral de deseño dun proxecto de investigación cuantitativa no campo das Ciencias da Saúde, con especial énfase nos diferentes deseños epidemiolóxicos dispoñibles, as medidas epidemiolóxicas de uso máis recorrente e a revisión xeral dos principais métodos de análise estatística.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e deseñar a estrutura dun protocolo de investigación en Ciencias da Saúde	AI1 AI2	BI1 BI2 BI3 BI4 BI5 BI8 BI9 BI12	C11 C12 C13 C18 C19
Coñecer e aplicar os deseños de investigación de uso máis habitual en Ciencias da Saúde	AI1 AI2	BI1 BI3 BI4 BI5 BI8 BI9 BI12	C11 C12 C13 C18 C19
Ser capaz de decidir que tipo de estudo é o máis adecuado para responder a unha pregunta de investigación	AI1 AI2	BI1 BI4 BI9 BI10	
Saber calcular, interpretar e aplicar as principais medidas epidemiolóxicas de frecuencia de enfermidade, asociación e impacto	AI1 AI2	BI1 BI4 BI5 BI9 BI12	C13



Ser capaz de interpretar e aplicar adecuadamente os principais resultados dun estudo de investigación en Ciencias da Saúde	AI2	B12 B14 B16 B111	C17 C18
--	-----	---------------------------	------------

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Estrutura xeral dun proxecto de investigación	
2. Precisión e validez. Limitacións e sesgos na investigación clínica.	
3. Poboación e mostra. Técnicas de mostraxe e introdución ao tamaño mostral.	
4. Tipos de estudos clínicos epidemiolóxicos: deseños cuantitativos experimentais, cuase-experimentais e observacionais.	
5. Recolección de datos en investigación cuantitativa.	
6. Significación estatística e relevancia clínica.	
7. Medidas de frecuencia, asociación e impacto.	
8. Estratexia de análise estatística. Interpretación de resultados en estudos clínico-epidemiolóxicos.	
CONTIDOS PRÁCTICOS	1. Apartados dunha proposta de investigación para a súa presentación en comités e axencias de avaliación 2. Métodos de mostraxe en investigación cuantitativa. Identificación de artigos con diferentes métodos de selección muestral. 3. Tipos de estudos experimentais. Ensaio clínico. Ensaio de campo. Ensaio comunitario de intervención. Exemplos prácticos. 4. Tipos de estudos observacionais. Estudos ecolóxicos. Estudos de prevalencia. Estudos de casos e controis. Estudos de cohortes ou de seguimento. Exemplos prácticos. 5. Vantaxes e inconvenientes dos diferentes tipos de estudos 6. Concepto e medición da relevancia clínica. Exemplos prácticos. 7. Lectura crítica e interpretación de resultados en investigación cuantitativa en Ciencias da Saúde.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A2 B1 B3 B4 B5 B8 B9 B10 B11 B12 C8	0	2	2
Prácticas a través de TIC	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C3 C7 C8 C9	5	10	15
Proba obxectiva	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C3 C7 C8 C9	1	0	1



Traballos tutelados	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C3 C7 C8 C9	5	10	15
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B3 B4 B5 B8 B9 B10 B11 C3 C8 C9	25	17	42
Atención personalizada		0		0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Facilitarase aos estudantes textos como material de estudo e profundización nos contidos traballados
Prácticas a través de TIC	Exporanse actividades de carácter práctico para aplicar os contidos teóricos da materia mediante a utilización das tecnoloxías da información. Realizaranse prácticas de uso de software para análise bioestatístico e epidemiolóxico (Horas presenciais=2 horas; horas virtuais=3 horas)
Proba obxectiva	Esta proba permitirá avaliar o grao de adquisición de coñecementos
Traballos tutelados	Traballo consistente na elaboración dun borrador breve dun protocolo de investigación sobre unha temática elixida polo/a estudante, desde a perspectiva da investigación cuantitativa. Programaranse varias entregas que serán revisadas polas docentes, que tutelarán o alumnado na elaboración do traballo final (Horas presenciais=2 horas; horas virtuais=3 horas)
Sesión maxistral	Exposición complementada co uso de medios audiovisuais dos contidos para desenvolver na materia (Horas presenciais=8 horas; Horas virtuais=17 horas)

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas a través de TIC	A atención personalizada relacionada con estas metodoloxías ten como finalidade orientar aos estudantes no estudo da materia e na realización dos traballos prácticos propostos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, de maneira telemática, a través do correo electrónico, o Campus Virtual ou Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C3 C7 C8 C9	Traballo consistente na elaboración dun borrador breve dun protocolo de investigación sobre unha temática elixida polo/a estudante, desde a perspectiva da investigación cuantitativa. Programaranse varias entregas que serán revisadas polas docentes, que tutelarán o alumnado na elaboración do traballo final.	50
Proba obxectiva	A1 A2 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B8 B9 B10 B11 B12 C1 C2 C3 C7 C8 C9	Proba obxectiva con preguntas tipo test, sobre os contidos desenvolvidos na materia	50

Observacións avaliación



A avaliación da materia constará de dous partes:

Unha parte de avaliación continua (50%, 5 puntos sobre 10) consistente na elaboración, de forma individual, do borrador dun protocolo de investigación clínico-epidemiolóxica ou traslacional, de temática libre, coas especificacións indicadas polas profesoras da materia. A entrega desta actividade é obrigatoria para poder superar a materia. Unha proba obxectiva (50%, 5 puntos sobre 10), en relación cos contidos desenvolvidos na materia. Será necesario obter unha calificación mínima de 3 puntos sobre 10 na proba obxectiva para facer media coa parte da avaliación continua. Non presentado

Obterá a cualificación de NP (Non Presentado), o/a alumno/a que non se presente á proba obxectiva.

Segunda oportunidade

O sistema de avaliación descrito será de aplicación tanto en primeira como en segunda oportunidade. Para aqueles/as estudantes que non o realizasen, ou para os que queiran volver a ser avaliados, establecerase un novo prazo de entrega do traballo práctico antes da proba obxectiva da segunda oportunidade.

Segunda convocatoria e sucesivas

No caso do alumnado de segunda convocatoria e sucesivas, non se conservarán as cualificacións obtidas en cursos anteriores. O sistema de avaliación será o mesmo que o descrito para a primeira convocatoria.

Matrícula de honra

Poderán optar a Matrícula de Honra os alumnos cuxa media supere o 9. As profesoras da materia poderán considerar criterios adicionais nos resultados obtidos polos estudantes en calquera das accións formativas programadas na guía docente.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

A bibliografía necesaria será ofrecida a través da plataforma Moodle, xunto coa impartición de cada un dos temas correspondentes. Como referencias xerais recoméndase a consulta dos seguintes textos: Argimón Pallás JM, Jiménez Villa J. Métodos de investigación clínica y epidemiológica (5ª ed.). Barcelona: Elsevier, 2019. Hulley SB, Cummings SR, Browner WS, Grady D, Herast N, Newman TB. Designing clinical research (2nd ed.) Lippincott Williams & Wilkins. Fletcher RH, Fletcher SW (2007). Epidemiología Clínica (4ª ed.). Lippincott Williams & Wilkins. Altman DG (1991) Practical statistics for medical research . Monographs on Statistics and Applied Probability (first ed.). Chapman & Hall Metodología de la Investigación (Fisterra.com): <https://www.fisterra.com/formacion/metodologia-investigacion> Itinerario de Investigación e Innovación Biosanitaria (http://www.sergas.es/MostrarContidos_N3_T01.aspx?IdPaxina=60481) (<http://www.youtube.com/user/Itinerariofegas>)

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE: Para

axudar a acadar un contorno inmediato sostible e cumprir co V Plan de Acción do Programa Green Campus (2023-2025):

A entrega dos traballos

documentais que se leven a cabo nesta materia farase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos, no caso de facerse en papel: non se utilizarán plásticos, farase a impresión a dobre cara, empregarase papel reciclado e evitarase a impresión de borradores.

Débase facer un uso sostible dos

recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural, tendo en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade no comportamento persoal e profesional.

IGUALDADE DE XÉNERO E NON DISCRIMINACIÓN:

-Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...)

-Traballarase

para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na

contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. -Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías